
MARCANDO UN NOVO RITMO: A MÚSICA POPULAR CONTEMPORÁNEA NA CULTURA DAS LINGUAS PENINSULARES COOFICIAIS (S. XX-XXI)

VARSOVIA (POLONIA) 22-23 DE NOVEMBRO DE 2018

INSTITUTO DE ESTUDOS IBÉRICOS E IBEROAMERICANOS

DA UNIVERSIDADE DE VARSOVIA

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS DE VARSOVIA

ETXEPARE EUSKAL INSTITUTUA

INSTITUT RAMON LLULL

Con este congreso pretendemos afondar en como os movementos da música popular contemporánea posteriores á Transición e á Revolución dos Cravos van marcando o compás da literatura e a arte nas culturas minorizadas peninsulares ás que os estatutos de autonomía, a cooficialidade da lingua ou as televisións autonómicas, entre outros factores, abren un novo panorama e novas posibilidades. Aínda que no caso da Terra de Miranda a oficialización da lingua deuse a finais do século XX e tampouco se pode sinalar a Revolución dos Cravos como a fonte da corrente, nos anos 90 e en diante maniféstanse unha serie de fenómenos que permiten conectar este territorio cos demais estudados aquí. Así, pretendemos centrarnos non só nos/nas protagonistas destes movementos, senón tamén na influencia que exerceron en xeracións posteriores e a relevancia que cobra a figura do/da músico/a-escritor/a.

A posmodernidade, que se foi instaurando paulatinamente como nova era da Europa de posguerra, chegando á Península Ibérica cun marcado atraso, supuxo unha renovación das formas tradicionais da arte, a cultura, o pensamento e as relacións sociais. Porén, no Estado español, a xuventude inconformista e desencantada coa Transición política, vítima a mediados dos 80 do paro e as reconversións, rebélase contra propostas ou ben baleiras de contido, ou ben depreciadas pola súa institucionalización, como a

Movida madrileña. Alcumada en Galicia 'movida magrebí', pois como dicía Antón Reixa: "con isto da movida, ¿que movida? Haiche moito ye-yé...".

Galicia, coa súa particular idiosincrasia e grandes doses de ironía, creou naquel entón o chamado "telón de grelos", que separaba ese "deserto magrebí" da denominada Movida Atlántica e o posterior Rock Bravú dos 90, cuxa peculiar posmodernidade e uso da lingua propia provocaban desconcerto. Era esta unha Galicia emerxente que asombrou ao mundo cun renacer cultural que soubo aproveitar a recén creada televisión autonómica e programas infantís como o Xabarín club, converténdose na banda sonora da seguinte xeración. Ademais, máis alá da música, podemos asociar a estes movementos nomes propios de autores/as como os poetas Lois Pereiro, Xavier Seoane, Xulio Varcarel, etc no caso do 'atlantismo', ou Santiago Jaureguizar, Manuel Rivas, Xurxo Souto, etc no caso do Bravú. Sen esquecer tampouco que a estela deste último aínda segue dando froitos.

Pola súa parte, no País Vasco, a finais dos anos 60 fundouse, coa intención de renovar e relanzar a cultura vasca, confinada ao ámbito do folclórico durante épocas anteriores, o movemento vangardista multidisciplinar Ez dok Amairu no que a interacción dos/das músicos/as dese grupo con artistas e escritores/as transformou o que entón se entendía como cultura vasca. Este cambio na cultura vasca experimentou una revolución aínda máis radical a principios dos 80 co xurdimento do *Rock Radical Vasco*: un movemento musical cuxa influencia moldeou a forma de ser e o carácter dos/das autores/as vascos/as da última xeración. Xunto aos grupos que cantaban punk en castelán, brotaron os que o cantaban en euskera, como Zarama, Hertzainak o Kortatu que resultaron ter unha importancia esencial para a xuventude vasca. En consecuencia, o euskera visto por eles como un instrumento de inconformismo e loita convértese por primeira vez en símbolo de modernidade e rebeldía. Hoxe en día, é tamén notable a influencia mutua, cando non cooperación directa entre músicos/as, escritores/as e artistas crecidos nese ambiente que, tal e como pretendía o grupo Ez Dok Amairu, volven a achegar o mundo da literatura aos/ás oíntes duns/dunhas e o da música aos/ás lectores/as dos/das outros/as.

En Cataluña, ata a Transición capital da produción musical a nivel español, non fructificou o intento do grupo Doble Buble de penetrar no mercado musical baixo os auspicios de escritores/as como Quim Monzó. Anteriormente, nos 60, o cantante Guillem d'Efak compaxinou música e creación literaria, mentres que Josep M. Espinás, cofundador do colectivo de cantautores/as antifranquistas Els Setze Jutges, triunfou máis adiante como

literato. Os 80 iniciáronse cos últimos golpes da importante vaga de rock psicodélico, experimental e de fusión que dominou a escena barcelonesa na década anterior, de tendencia máis ben anarquista e/ou catalanista, especialmente na súa vertente máis folk. Pau Riba, un dos seus máximos expoñentes, rebelábase así contra a tradición de *seny* e alta cultura que representaba o seu avó, o poeta Carles Riba. Os inicios dos 90 estiveron marcados polo nacemento do denominado “Rock català”, tamén nas Baleares e o País Valenciano. Este movemento converteuse na ferramenta de expresión cultural dos/das mozos/as formados/as nun sistema escolar que xa tiña o catalán como lingua vehicular maioritaria. Nas últimas décadas xurdiron, por un lado, bandas debedoras da posmodernidade musical, e, polo outro, tiveron moito éxito os grupos de estilos connotados ideolóxicamente como rebeldes e antisistema, impregnados de elementos de música tradicional. Finalmente, o músico catalán Lluís Llach e o cantante valenciano Xavi Sarrià emprenderon nos últimos anos unha carreira literaria como narradores.

No caso mirandés existen algunhas peculiaridades que problematizan de certa maneira a analogía cos casos galego, catalán e vasco. Unha das principais contrariedades é o baixo número de falantes da lingua mirandesa, que condiciona a escala do fenómeno. Aínda así, grazas á oficialización da lingua, nos 90 apareceron grupos musicais e escritores/as que conseguiron recoñecemento máis alá do público mirandés.

ARTISTAS E PLENARIOS/AS INVITADOS/AS

María Xosé Silvar Sés

Xavi Sarrià

Asier Serrano

Alberto Fernandes

COMITÉ CIENTÍFICO

António Bárbolo Alves (Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro)

Helena González Fernández (Universitat de Barcelona)

Anna Kalewska (Universidade de Varsovia)

Roger Martínez Sanmartí (Universitat Oberta de Catalunya)

Cristina Martins (Universidade de Coimbra)

Zofia Marzec (Universidade de Varsovia)

Katarzyna Moszczyńska (Universidade de Varsovia)

Mari Jose Olaziregi (Universidade do País Vasco)

Llorenç Soldevila (Universitat de Vic)

Dolores Vilavedra (Universidade de Santiago de Compostela)

COMITÉ ORGANIZADOR

PRESIDENTA

Maria Boguszewicz (Universidade de Varsovia)

Aitor Arruza Zuazo (Universidade de Varsovia)

Michał Belina (Universidade de Varsovia)

Magdalena Gajewska (Universidade de Varsovia)

Ana Garrido González (Universidade de Varsovia)

Raquel González (Universidade de Oviedo/Universidade de Varsovia)

Alfons Gregori (Universidade Adam Mickiewicz de Poznań)

Borja Logares Carbajales (Universidade de Varsovia)

David Monzó Campos (Universidade de Wrocław)

COMUNICACIÓNS E PUBLICACIÓN

As comunicacións poderán realizarse en galego, euskera, catalán, castelán, portugués, mirandés e inglés e serán de 20 minutos.

As persoas interesadas en participar no congreso deben cubrir o formulario adxunto e enviálo ao correo: congreso.musylit@gmail.com antes do **30 de xuño de 2018**.

O ingreso da cota de inscrición de 60 EUROS / 250 PLN ten que ser efectuado antes do 15 de setembro de 2018.

Unha selección dos artigos derivados do congreso, tras previa aceptación por parte dos/das editores/as, publicarase en *Itinerarios*: <http://itinerarios.uw.edu.pl/>. A data límite de recepción de propostas será o 31 de decembro de 2018.

Para máis información pódese visitar a páxina web do congreso <https://congresomusicayliteratura.wordpress.com/>

Todas as preguntas pódense dirixir ao correo do congreso: congreso.musylit@gmail.com



Formulario de inscripción

Nome e apelidos	
Afiliación académica	
Enderezo electrónico	
*Datos de factura (nome, enderezo, NIF da institución)	
Título do relatorio	
Resumo (200 palabras)	
Palabras clave	